




## 10 anos despois

Cando no Nadal do 1998 o xornalista Santiago del Valle e o xinecólogo Xosé Anxo Vidal empezáronnos a falar de Vilcabamba, das súas aventuras en busca da última capital do imperio Inca, da situación de extrema pobreza e da insistente petición de axuda sanitaria do único médico que alí había, enseguida acordamos poñer en marcha un proxecto de cooperación internacional centrado na atención da saúde e na axuda ao desenvolvemento daquel afastado distrito dos Andes peruanos.

Dende entón moitas cousas pasaron, moitas expedicións, moito esforzo, moitas persoas que se foron implicando, moitos avances e retrocesos, pero sobre todo moito aprendemos.

Enseguida nos decatamos de que as melloras en saúde estaban directamente relacionadas coas melloras na calidade de vida, na alimentación e hixiene, nos recursos económicos e produtivos, na organización da comunidade, na pelexa contra as desigualdades de xénero.... Imponíase necesariamente unha visión moito máis global e comunitaria e a necesidade de poñer en marcha un proxecto de desenvolvemento integral e sostible.

Tamén nos decatamos de que tiñamos que evitar o asistencialismo e a caridade porque isto conducía ao mantemento da pobreza e á dependencia. Tiñamos que dar paso ao



protagonismo da propia comunidade, á súa organización, á súa capacitación e ao seu empoderamento.

Dende entón, ao longo destes anos centrámonos en moitas áreas de traballo: a saúde, a educación, a mellora da agricultura e a gandería, o funcionamento das institucións e das organizacións comunitarias, das

desigualdades de xénero...

No ano 2003 comezou a manifestarse con claridade a oportunidade de aproveitar a espectacular riqueza paisaxística e arqueolóxica de Vilcabamba para promover un plan que convertese Vilcabamba nun destino turístico, un turismo que contribúa a xerar novos ingresos económicos e a mellorar as condicións de vida da poboación. Durante estes últimos anos dedicámonos especialmente á capacitación e organización da poboación para recibir e xestionar este turismo responsable e respectuoso co medio e a cultura, sostible, xerador de riqueza e solidario.



Nestes últimos anos contribuímos a implantar recursos e servizos turísticos, realizamos moitos obradoiros de capacitación turística, moitas alianzas institucionais. Temos promovido ilusión, esperanza e organización comunitaria capaces de converter unha indomable e atractiva riqueza paisaxística,

biolóxica e histórica nun destino turístico atractivo (de tipo vivencial e comunitario), concreto e real ao alcance do viaxeiro/a. Dun viaxeiro/a que á marxe dos tour operadores busca o contacto directo coa natureza, coa poboación, coñecer outras culturas e vivir con intensidade a aventura da viaxe e da vida.

Isto é o que Labañou Solidaria entende por cooperación ao desenvolvemento: o empoderamento da poboación, a sustentabilidade, o respecto á cultura e o medio, a loita contra as desigualdades de xénero, a solidariedade e a xustiza.

Por iso cremos que o proxecto debe ter data de finalización. Agardamos que entre os anos 2010/12 a poboación esté capacitada para a sustentabilidade de



feito e para manter unha constante mellora na súa calidade de vida, sen perder os seus sinais de identidade.

Aquí en Labañou, na Coruña, traballamos para poñer sobre o tapete a responsabilidade do noso chamado primeiro mundo no mantemento das desigualdades existentes. Traballamos na educación para a solidariedade, a liberdade e o respecto ao diferente. Traballamos na busca dun mundo máis xusto e solidario, noutro mundo posible.

Labañou Solidaria non é máis que un instrumento que ofrece á cidadanía un xeito concreto e real de ser solidarios/ás, de poder

participar coa súa dedicación e esforzo nun proxecto con nome e rostro concreto e real.

## Proxecto de Cooperación

### Manifiesto.

No ano 2003 a ONGd galega Labañou Solidaria (L.S.) e a ONG peruana Guaman Poma de Ayala (G.P.A) realizaron uns obradoiros en Vilcabamba coa poboación, persoal técnico e administracións locais, nos cales se evidenciou que os distintos sectores estaban de acordo en que o turismo podía ser un motor de desenvolvemento para a poboación.

Vistos pros e contras do turismo nese encontro, así como recursos turísticos existentes e os que habería que poñer en valor, todas as partes asinaron o



"MANIFIESTO POLO DESENVOLVEMENTO TURISTICO DE VILCABAMBA" documento no que se definía o tipo

de turismo que a poboación e os seus representantes defendían e que se asinou por todos os/as actores sociais.

A partir dese momento as directrices de desenvolvemento o tiñan que ter en conta eses intereses explicitados pola comunidade. E por iso:



Iniciouse a formación das distintas asociacións: Arrieiro/as, artesanía téxtil, hospedaxe, cociña e hixiene alimentaria ...

Favorecéronse convenios coa Dirección Rexional de Turismo (DIRCETUR) e a municipalidade, esixindo sempre a equidade de xénero. Identificaron e sinaláronse os recursos turísticos no municipio e instituíuse a casa de L.S. como punto de información

turística, atendida por un técnico local de L.S, líder da comunidade.

## Viaxe pasantía

No ano 2006, no mes de Novembro organizouse a "viaxe pasantía" que consistiu en facer unha viaxe en autobús para visitar tres comunidades que xa tiñan experiencia en Turismo Vivencial.

Gozamos de todo aquilo que aprenderamos nos cursos véndoo feito realidade.

Ademais coñecémonos, estimulamos o traballo en equipo, divertímonos e relaxamos con outras comunidades que tiñan os nosos mesmos problemas e esperanzas... que empezaron como nós. Ademais contribuímos economicamente aos seus proxectos, pagando a ONG L.S. todos os gastos en cada comunidade. Pero sobre todo vimos que era posible un proxecto con pouco investimento económico pero moito compromiso e organización comunitaria, que nos obriga a valorar e manter a nosa cultura e modo de vida, (é a nosa oferta turística) entendendo esta actividade como un complemento económico que favorece unha mellora na calidade de vida pero non como algo exclusivo que nos obligue a abandonar a terra, os animais, a casa.... Tan importante foi esa viaxe para nós que acabamos falando do " bus dos sonhos".

Para moitos dos e das participantes foi a primeira ocasión de viaxar, de navegar no Lago Titicaca... Foi unha viaxe inesquecible.



## I Congreso Internacional de Turismo Vivencial.

350 persoas reuníronse en Vilcabamba en abril de 2007. Expertos e expertas en turismo vivencial que proviñan de distintas zonas de Perú, Brasil e Galicia achegaron os seus coñecementos e experiencias ao P.T.V. A participación da comunidade foi masiva e

traballouse en obradoiros o trato ao turista, impacto ambiental, seguridade, ordenamento territorial.... Foi moi estimulante para a comunidade, as administracións e técnicos/ás locais.

Xa preguntan pola posibilidade dun segundo congreso....

Puxemos a proba a capacidade organizativa da

municipalidade e a comunidade e comprobamos a utilidade da casa de L.S. como punto de encontro, área de formación e información turística e espazo de participación comunitaria. Imprimíronse 5000 folletos turísticos en castelán e inglés para a súa difusión.



## Outras Accións

Labañou Solidaria ofertou unha serie de microcréditos, con equidade de xénero, á poboación, e este ano xa os xestiona unha comisión de representantes locais.

Labañou Solidaria contratou unha auditoría externa para avaliar externamente o proxecto e valorar o seu impacto en Vilcabamba.



Na actualidade ten contratada a unha técnica en desenvolvemento e a dous técnicos locais para facer o seguimento sobre o terreo, dinamizar o proxecto e centrar esforzos en dispoñer dun Plan Estratéxico.

Todo isto non sería posible sen un traballo constante en Coruña, desenvolvido no barrio de Labañou e a súa AAVV que se envorcan na organización dunha sardiñada anual para recadar fondos. Tamén organizamos unha cea - baile todos os anos, un acto público de "rendemento de contas" con venda de camisetas, CDs, axendas... Todo coa inestimable axuda de socios e socias, familia e amigas/os.


Sen vós todo isto sería imposible. Moitísimas grazas por crer que outro mundo ten que ser posible e poñervos mans á obra.

# Informe Económico do Ano 2007


A cordilleira de Vilcabamba encontrase a uns 350 Km a o noroeste de **Cusco**, a capital provincial e **Quillabamba**, ten unha poboación de 15.000 habitantes en todo o distrito en unha extensión de 23.000 km<sup>2</sup>.



Ingresos	
<b>Ingresos Propios</b>	6.849,50 €
Cuotas Socios	1.500,00 €
Doazóns	280,00 €
Continental Producións	307,00 €
Playa Club	800,00 €
Laboratorio Farmacéutico	857,94 €
"La Caixa" (Catalunya) Ag. Ronda Outeiro	959,00 €
Persoas a título individual	289,70 €
Venta camisetas e axendas	807,00 €
Feria Solidaria	129,58 €
Sardiñada	
Intereses conta bancaria	12.779,72 €
<b>Total Ingresos Propios</b>	<b>17.581,87 €</b>
<b>Subvencións</b>	<b>20.000,00 €</b>
Subvención da Xunta de Galicia	
Subvención Concello A Coruña	37.581,87 €
<b>Total Subvencións</b>	<b>50.361,59 €</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>50.361,59 €</b>



Gastos	
<b>Perú</b>	9.375,00 €
Soldo personal en Perú	6.333,00 €
Axenda 21 Escolar	3.489,70 €
Gastos expedicións Vilcabamba	
Casa Labañou en Vilcabamba	700,00 €
Proyector Transparencias	3.500,00 €
Arranxo e Mantemento casa	
Proxecto turismo vivencial	1.298,08 €
I Congreso de turismo vivencial	57,94 €
Alojalia networks-Web Site	6.000,00 €
Cursos Capacitación	2.000,00 €
2º pago sinalización turística	6.000,00 €
Microcréditos poboación local	6.000,00 €
Avaliación Devalar	
<b>Total Gastos Perú</b>	<b>44.753,72 €</b>
<b>A Coruña</b>	264,33 €
Imprenta	186,70 €
Gastos de organización	208,24 €
Gastos xestión cobrados por CAIXA GALICIA	150,00 €
Coordinadora Galega	140,00 €
Mantemento web	446,72 €
Pancarta e banner	
<b>Total Ingresos Propios</b>	<b>1.395,99 €</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>46.149,71 €</b>

 Concello da Coruña



**Coñécenos, Colabora, Faite Socio/a ...**  
[www.labanousolidaria.org](http://www.labanousolidaria.org)  
[labanousolidaria@hotmail.com](mailto:labanousolidaria@hotmail.com)

**Asociación Labañou Solidaria**, Rúa Nosa Sra. do Perpetuo Socorro, 13 baixo 15011 A Coruña  
 Luís Astray (8 a 15 h.) Tfno. 981 268 384. Aportacións a Labañou Solidaria:  
 Concha Sánchez Tfno. 628 416 644. N° CC.- 2091-0716-30-3040001223